

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

ACTIVIDADES INFANTÍS

CLUB DE PEQUENAS/OS LECTORAS/ES (idade: entre 5 e 10 anos)
Mércores de 17:30 a 18:30 horas. Lemos xogando e xogamos lendo.

QUE SESERASEXERA

3º mércores de cada mes de 20:00 a 21:00 horas.

Actividades de animación á lectura no club mozo a través de dinámicas como "role-playing", debates, "escape room" ou "move players"

VIVE A AVENTURA! (idade: entre 8 e 13 anos)

Venres de 19:00 a 20:00 horas.

Actividades de animación á lectura a través do xogo e das novas tecnoloxías.

* Todas as actividades con inscrición previa, prazas limitadas e de balde.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA "PETISCOS LITERARIOS" (actividade quincenal)

Mércores de 19:15 a 20:15 horas, 15€/curso.

Club de lectura de relatos, contos e novelas breves que non precisen máis de 4 horas de lectura.

* Actividade con inscrición previa e prazas limitadas.

CENTRO SOCIOCULTURAL DO ENSANCHE

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA SEMANAL

Xoves de 20:00 a 21:00 horas, 15€/curso. Con inscrición previa e prazas limitadas.

CLUB DE LECTURA QUINCENAL

2º e 4º mércores do mes de 20:00 a 21:00 horas, 15€/curso. Con inscrición previa e prazas limitadas.

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VITE

PROPOSTA DE ACTIVIDADES XUVENÍS (idade: entre 10 e 17 anos)
"OS MISTERIOS DE VITE"

2º e 4º luns de 17:30 a 18:30 horas.

Xogos educativos que fomenten o razoamento, lóxica e comprensión lectora.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA QUINCENAL

2º e 4º luns de 19:30 a 20:30 horas.

*Actividades con inscrición previa e prazas limitadas.



HORARIOS

CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

- Luns a venres de 9.00 a 13.45 e de 16.30 a 21.15 horas
- Sábado de 10.00 a 13.45 e de 17.00 a 20.45 horas

CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

- Luns a venres de 9.00 a 13.45 e de 16.30 a 21.15 horas
- Sábado de 10.00 a 13.45 e de 17.00 a 20.45 horas

CENTRO SOCIOCULTURAL JOSÉ SARAMAGO DE VITE

- Luns a venres de 16.30 a 21.15 horas
- Sábado de 10.00 a 13.45 horas

CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

- Luns a venres de 16.30 a 21.15 horas
- Sábado de 10.00 a 13.45 horas



BIBLIOTECA JOSÉ SARAMAGO



REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE ACTIVIDADES
XANEIRO – XUÑO 2023



Presentamos unha nova programación das actividades que se van realizar ao redor da Biblioteca Pública Municipal José Saramago para o primeiro semestre de 2023, tanto para as propias aulas de lectura dos Centros Aurelio Aguirre de Conxo, CSC José Saramago de Vite, CSC de Santa Marta e CSC de Fontiñas, como noutros espazos socioculturais da rede, co obxectivo de achegarnos a novas/os lectora/es. Deste xeito abrimos as portas da lectura e dos libros a novos/as usuarios/as, adultas/os e infantís, e queremos achegalos, na medida do posible, a ese mundo maravilhoso que é o da literatura e o dos libros.

O novo Centro da Cidade Histórica, Maruxa e Coralia (antiga e recordada Biblioteca Pública pola cidadanía compostelá), unirase como espazo no que terán cabida, non podería ser de outro xeito, diversas propostas en torno aos libros, coa creación de novos clubs de lectura, exposicións, como a actual do escritor Florencio Delgado Gurriarán, intercambio de libros, contacontos, poesía e música ao aire libre no espazo arborizado exterior, encontros con escritores e escritoras ou presentacións de libros... En definitiva, unha aposta por ampliar e achegar a máis persoas este mundo grandioso que é o da lectura, sen esquecer a aposta polas novas Tecnoloxías de Información e Comunicación aplicadas ás bibliotecas nas que tamén estamos a traballar.

No 2023, as Letras Galegas dedícanse a Francisco Fernández del Riego (Lourenzá, 1913 - Vigo, 2010) profesor de dereito civil, escritor, intelectual e político que desenvolveu dende a década do 1930 un traballo constante a prol da cultura galega. Artífice da Editorial Galaxia e codirector da revista Grial, ensaísta e narrador, foi autor dunha extensa obra. Dedicaremos unha programación específica sobre a súa figura e visitaremos os fondos documentais e artísticos na pinacoteca que leva o seu nome en Vigo.

Destacamos as verbas da súa irmá Ana María Fernández del Riego no homenaxe que lle fixo a Real Academia Galega en xaneiro, onde di do autor que: " antepuxo Galicia ante toda ambición" e "demostrou que se podía ser galego as 24 horas do día. (...)".

+ info na web:

centrossocioculturaisantiagodecompostela.gal
e no Facebook e Instagram:
[@bibliotecajosesaragomscq](https://www.instagram.com/bibliotecajosesaragomscq)

PROGRAMACIÓN ANUAL

12 MESES 12 LIBROS

Campaña de animación á lectura para fomentar hábitos lectores. Co teu pasaporte viaxarás a través dos libros cada mes.

RECOMENDACIÓNS E EXPOSICIÓNS de libros e lecturas co gallo da conmemoración das datas sinaladas mensualmente. Sección de intercambio de libros.

PROGRAMACIÓN XENÉRICA MENSUAL

XANEIRO

- 30 de xaneiro: Día de Castelao.

Visita á exposición permanente no Museo de Pontevedra.

FEBREIRO

- 24 de febreiro: Día de Rosalía.

Visita guiada á casa Museo de Rosalía en Padrón.

MARZO

- 8 de marzo: Día internacional das mulleres.

Participación activa nas actividades propostas desde o Concello.

Guía de recomendación de publicacións feministas e lectura.

Roteiro de escritoras santiaguesas.

- 21 de marzo: Día internacional da poesía.

Lectura poética musicada.

ABRIL

- 2 de abril: Día do libro infantil e xuvenil.

Visita guiada para público infantil a unha librería histórica da cidade.

- 23 de abril: Día do libro.

Solta de libros na cidade.

- 28 de abril: Banquete de Conxo.

Participación activa nas actividades propostas desde o Concello.

MAIO

- 17 de maio: Día das Letras Galegas.

Afondaremos na vida e obra de Francisco Fernández del Riego.

- 18 de maio: Día dos museos.

Visita á Casa Museo de Emilia Pardo Bazán (A Coruña) ou

Pinacoteca Francisco Fernández del Riego (Vigo)

*Consultar a programación específica mensual en cada aula da Biblioteca

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

ACTIVIDADES INFANTÍS

AVENTURAS E LECTURAS NA BIBLIOTECA

Actividades de animación á lectura para achegar dun xeito lúdico ás crianzas ao mundo dos libros.

*Actividades de balde

INTRÉPIDAS/OS DO SABER (idade: entre 5 e 10 anos)

Luns de 18:30 a 19:30 horas. Lemos xogando e xogamos lendo.

*Actividades de balde

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA SEMANAL

Martes de 19:00 a 20:00 horas, 15€/curso. Con inscrición previa e prazas limitadas.

CLUB DE LECTURA QUINCENAL

Xoves de 19:00 a 20:00 horas, 15€/curso. Con inscrición previa e prazas limitadas.

BIBLIOTECA PÚBLICA JOSÉ SARAMAGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA GRUPO I

Martes de 18:30 a 19:30 horas, 15€/curso. Con inscrición previa e prazas limitadas.

CLUB DE LECTURA GRUPO II

Martes de 19:45 a 20:45 horas, 15€/curso. Con inscrición previa e prazas limitadas.

CLUB DE LECTURA GRUPO III

Mércores de 19:45 a 21:00 horas, 15€/curso. Con inscrición previa e prazas limitadas.

CLUB DE LECTURA GRUPO IV

Xoves de 19:30 a 21:00 horas, 15€/Curso. Con inscrición previa e prazas limitadas

OBRAIDRO DE ESCRITURA CREATIVA QUINCENAL

2º e 4º xoves de 18:30 a 20:00 horas, 25€/trimestre para persoas adultas, 20 €/trimestre sénior. Con inscrición previa e prazas limitadas.

CENTRO SOCIOCULTURAL DA CIDADE HISTÓRICA MARUXA E CORALIA

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

CLUB DE LECTURA QUINCENAL

1º e 3º mércores de 18:00 a 19:00 horas.

PROPOSTA DE OBRAIDRO DE ESCRITURA CREATIVA QUINCENAL

2º e 4º venres do mes de 19:00 a 20:30 horas.

ACTIVIDADES INFANTÍS

PROPOSTA DE CLUB DE LECTURA MENSUAL

3º venres do mes de 17:30 a 18:30 horas.

*Actividades con inscrición previa e prazas limitadas.

